


CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE  
A UNIVERSIDADE DE CORUÑA, A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A FUNDACIÓN  
EMPRESA-UNIVERSIDADE GALEGA NO ÁMBITO DA COMPOSTAXE.

A Coruña, 19 de abril de 2016

**COMPARECEN**



Dunha banda, D. Salvador Naya Fernández, con DNI 76 353 731 X, Vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia, en representación da Universidade da Coruña (en diante, UDC) CIF Q6550005J, e domicilio en Paseo da Maestranza, s/n, 15001 A Coruña), en uso das atribucións que lle confiere o artigo 9 do Regulamento para a contratación de servizos científicos, técnicos, artísticos ou docentes (Art. 83 LOU) da Universidade da Coruña (DOG de 31 de agosto de 2012).


Doutra, D. César Mosquera Lorenzo, Vicepresidente da Deputación Provincial de Pontevedra.

E doutra parte, D. Santiago Álvarez Iglesias, con D.N.I. 33.219.324-X en calidade de Subdirector Xeral en nome e representación da FUNDACIÓN EMPRESA-UNIVERSIDAD GALLEGA (en diante FEUGA), con CIF G-15051667 e sede en Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n Santiago de Compostela .

Dando fe do acto, D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra

Os representantes, recoñecéndose mutuamente capacidade xurídica dabondo, subscriben en nome das respectivas partes o presente documento e, para o efecto,

**EXPOÑEN**

PRIMEIRA.- Que a UDC ten probada experiencia no campo de proxectos de compostaxe caseira e plantas de compost a pequena escala e dispón dunha máquina compostadora, propiedade da UDC, (en diante, o Campusteiro) desenvolvida para realizar tarefas de formación en compostaxe e que foi obxecto de estudo e investigación ao longo dos últimos catro anos. Polas súas características, o Campusteiro emprégase habitualmente para a compostaxe de restos de cociña e comedor no campus de Elviña-A Zapateira e na realización de xornadas e obradoiros sobre compostaxe, ao permitir a observación do proceso e o control e variación dos parámetros do mesmo. 

SEGUNDA.- Que a DEPUTACIÓN está interesada en empregar o Campusteiro nas tarefas de formación de mestres compostadores no ámbito da Provincia de Pontevedra, así como recibir o asesoramento e asistencia técnica necesaria en relación co emprego do mesmo por parte da UDC ao amparo do disposto no artigo 83 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, modificada por Lei Orgánica 4/2007, de 12 de Abril e no artigo 58 dos Estatutos da UDC.

TERCEIRA.- Que a FEUGA é unha entidade que ten como fins primordiais, recollidos nos seus Estatutos, os de canalizar recursos destinados á investigación e docencia dende e cara á Universidade.

Polo que as partes acordan subscribi-lo presente convenio que someten ás seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é regular a colaboración entre a UDC e a DEPUTACIÓN nas labores de formación en compostaxe, incluída a cesión en uso do ben que se relaciona a continuación propiedade da UDC:


- Campusteiro formado por un cilindro de 1 m de diámetro e 2 m de longo, coas seguintes características: capacidade aproximada de 1,5 m<sup>3</sup>, sistema automático de mestura e avance do material pola acción dunha espiral sen fín, e cadro eléctrico de control e temporización, con capacidade de xestionar 40 – 50 kg de restos orgánicos de cociña e comedor ó día e con Nº 71495 de rexistro de inventario da UDC. O valor actual do Campusteiro establécese en 20.000 euros.

O Campusteiro pertence a UDC e mentres dure o presente convenio estará ubicado en Pontevedra nos lugares que a Deputación decida, nos que deberá permanecer durante todo o período de cesión, salvo autorización da UDC para a súa localización noutro emplazamento.

A Deputación poderá utilizar o campusteiro única e exclusivamente para os propósitos que se describen neste convenio.

### SEGUNDA.- CONDICIÓN E ACEPTACIÓN DOS TRABALLOS

A UDC acepta realizar traballos de asesoramento sobre as actividades que a DEPUTACION leve a cabo en materia de compostaxe e indicará, se fose necesario, medidas correctoras sobre o uso do Campusteiro para garantir o seu funcionamento óptimo.





Constitúen as obrigas esenciais da Deputación en relación ao uso do Campusteiro as seguintes:

1. As tarefas de traslado e posta a punto do Campusteiro serán asumidas pola DEPUTACIÓN así como todos os custes que xere tanto o traslado inicial coma a devolución do Campusteiro no prazo de 15 días despois do remate do presente convenio ou da última prórroga vixente se sé dera o caso .
2. Será responsabilidade da Deputación coidar e manter o Campusteiro respondendo por calquera dano ou deterioro que sufra, e comprometéndose a Deputación a devolver o Campusteiro nas mesmas condicións operativas que ten actualmente. Isto é, capacidade de xestionar 40 – 50 kg de restos orgánicos de cociña e comedor ó día.
3. De non ser así, a DEPUTACIÓN estará comprometida a realizar pola súa conta os cambios e modificacións que fosen necesarios para corrixir o funcionamento do Campusteiro. Así mesmo, mentres teña vixencia o presente convenio, será obriga da Deputación costear as reparacións que resulten necesarias como consecuencia do uso ordinario do Campusteiro.
4. As obrigas da DEPUTACIÓN inclúen a colocación do Campusteiro no lugar de emprazamento que se lle indique por parte da UDC, unha vez devolto a esta.
5. A Deputación responderá dos danos que o Campusteiro poida causar a terceiros durante o tempo de permanencia deste en poder da Deputación.
6. A Deputación comprométese a utilizar a máquina conforme co uso autorizado, é dicir, exclusivamente para as actividades de compostaxe de restos orgánicos e a realización de xornadas e obradoiros sobre compostaxe.

#### TERCEIRA.- RESPONSABLES DO PROXECTO.

O responsable da supervisión do cumprimento do convenio por parte da UDC, será o profesor D. Manuel Soto Castiñeira, coordinador do Grupo de enxeñaría Química Ambiental da UDC, que terá como interlocutor válido por parte da DEPUTACIÓN a D<sup>a</sup>. María Martínez Abrales, Técnico de Medio Ambiente da DEPUTACIÓN.

#### CUARTA.- SEGUIMIENTO E INFORMES.

As partes manterán unha comunicación constante sobre os traballos realizados e sobre os asesoramentos requiridos. Así mesmo a UDC, a través do Investigador responsable dos traballos, ou da persoa do seu grupo de investigación que designe, deberá asistir, se así é requirido, á unha

reunión a proposta da Deputación para a valoración e avaliación das actividades relativas ao uso do Campusteiro.


Do mesmo xeito poderá a Deputación, inicialmente, requirir a presenza do Investigador responsable dos traballos, ou da persoa do seu grupo de investigación que designe para a posta en marcha do Campusteiro.

A Deputación remitirá a UDC un breve informe do uso dado ao Campusteiro durante o período de tempo da cesión

A UDC enviará á Deputación un informe sobre a valoración do uso do Campusteiro elaborado sobre os datos aportados pola propia Deputación.

#### QUINTA.- OBRIGAS DA FEUGA

A **FEUGA**, para a realización dos traballos aos que se refire o presente convenio, asumirá as seguintes obrigas:

- 
- a) Prestará o servizo de Caixa, que implica a facturación e o cobro das cantidades a aboar por parte da Deputación e encargarse da realización dos pagos necesarios de acordo coa realización dos traballos descritos no presente convenio. Os pagos faranse ao contado de acordo coa conformidade do Profesor D. Manuel Soto Castiñeira como representante do Equipo Investigador, sempre que as antes mencionadas ordes se axusten ao contido deste convenio e estean entregados os ingresos por parte da Deputación. A FEUGA, nos seus pagamentos, fará as retencións e repercusións que legalmente procedan.
  - b) Levará a contabilidade que reflectirá a situación económica da investigación, facilitando información periódica ao Equipo Investigador.
  - c) Proporcionará ao Equipo Investigador os medios de carácter administrativo necesarios que permitan a realización da investigación e calquera outro soporte que podan pedirle ás partes para a execución do contrato, sempre que a actuación requirida poida desenvolverse cos medios normais da FUNDACIÓN.

#### SEXTA.- CONTRAPRESTACIÓN ECONÓMICA

Como contraprestación polo asesoramento recibido e a cesión e uso do Campusteiro, a DEPUTACIÓN aboará a cantidade de 1.000,00 € (IVE incluído) ao mes durante os catro primeiros meses e 500 euros ao mes (IVE incluído) durante os catro meses seguintes. No caso de ampliarse o período de

cesión, de acordo coa Cláusula sétima, a DEPUTACIÓN aboará a cantidade de 500,00 € (IVE incluído) por cada mes adicional de cesión.

Ditas cantidades se afrontarían con cargo á aplicación 16/410.1623.203.00 do vixente Orzamento Provincial.

Estas cantidades serán aboadas mensualmente (a mes vencido) previa facturación da FEUGA á Deputación que as fará efectivas mediante transferencia bancaria á FEUGA (FUNDACION EMPRESA-UNIVERSIDAD GALLEGA) en la c/c de ABANCA IBAN: **ES51-0182-5947-1100-0010-2277**.


#### **SÉTIMA. VIXENCIA DO CONVENIO.**




O presente Convenio terá vixencia ata o 30 de setembro de 2016, tendo efectos retroactivos desde o 1 de febreiro de 2016.

Este período de vixencia poderá ser ampliado por mutuo acordo entre as partes ata o 31 de decembro de 2016.

#### **OITAVA. CONFIDENCIALIDADE DA INFORMACIÓN.**



As partes comprométense a non difundir, baixo ningún aspecto, as informacións científicas ou técnicas no desenvolvemento do traballo obxecto deste convenio, mentres esas informacións non sexan de dominio público.



Os datos e informes remitidos por mor deste contrato terán carácter confidencial. Cando unha das partes desexe utiliza-los resultados, en parte ou na súa totalidade, para a súa publicación como artigo, conferencia, etc. deberá solicitarlle a conformidade á outra parte por escrito.

A outra parte deberá responder nun prazo máximo de trinta días, comunicando a súa autorización, as súas reservas ou a súa desconformidade sobre a información a publicar. Transcorrido ese prazo sen obter resposta, entenderase que o silencio é a tácita autorización para a súa difusión.

A Deputación autoriza expresamente á UDC e a FEUGA a dar información pública da sinatura deste Contrato na que poderá incluír título, contido, presuposto e prazo de realización.

#### **NOVENA- RESOLUCIÓN DO CONVENIO**



Son causas de resolución do Convenio:

- O mútuo acordo entre as partes
- O incumprimento das obrigas esenciais calificadas como tales polas partes.

#### DÉCIMA.- COMISIÓN MIXTA

En caso de desacordo ou desavinza entre ámbalas dúas partes, as mesmas intentaranse resolver no seno dunha Comisión Mixta Paritaria formada por dous representantes de cada unha das partes designados a tal efecto.

A Comisión Mixta ditará as súas propias normas internas de funcionamento, reunirse cando o solicite algunha das partes e, en todo caso, como mínimo unha vez durante o período de vixencia da cesión e uso do Campusteiro.

#### UNDÉCIMA.- RÉXIME XURÍDICO

O réxime xurídico aplicable a este Convenio será o contido na lexislación patrimonial, sendo a orde xurídica competente para a resolución de controversias a civil, salvo as derivadas dos actos separables de preparación e adxudicación que serán competencia da xurisdicción contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade, asinan por triplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

POLA UDC

D. Salvador Naya Fernández

POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

D. César Mosquera Lorenzo

Pola FEUGA

Santiago Álvarez Iglesias

O Secretario Xeral  
da Deputación de Pontevedra.

Carlos Cuadrado Romay.